

ACOD ou non ACOD esa é a cuestión:

Anticoagulación en pacientes de idade avanzada: entre a prevención de eventos e a calidade de vida

Carlos de Juan Fernández (MFeC CS As Pontes, A Coruña), Lucía Romero Ramil (MIR4 MFeC CS O Corgo, Lugo)

- **Ámbito do caso:** Atención Primaria, Urxencias, Neuroloxía, CardioloXía.
- **Motivos de consulta:** Hematuria
- **Historia clínica**
 - **Enfoque individual:** Varón de 93 anos.
 - **Antecedentes persoais:** Sen AMC, HTA, dislipemia, **FA anticoagulado con edoxaban**. Adenocarcinoma de próstata fai 30 anos, tratado con radioterapia, estable. Cognitivamente perfecto, independente, con bo apoio familiar.
 - **Anamnese:** Consulta por hematuria e dificultade para orinar. No último ano **4 episodios idénticos, 1 epistaxe e 2 rectorraxias**, resoltos retirando ACOD. Algúns con leve anemización. Seguimento en A. Primaria e Uroloxía. Estudos normais.
 - **Exploración:** Constantes normais. Dór suprapúbico, globo vesical.
 - **Probas complementarias:**
 - Tira de orina: non valorable.
 - Analítica de sangue ás 24h: Función renal normal, PCR 49, Hb 13.7, microcitose e hipocromía.
 - **Xuízo clínico:** Hematuria macroscópica, RAO, cistite rádica e anticoagulación.
 - **Plan de actuación:** Sondaxe e antibioterapia. **Suspéndese ACOD temporalmente**, e dada recorrencia, valorando risco/beneficio, **valórase facelo indefinidamente**, comentándose con CardioloXía e U. Crónicos, rexeitándose por risco trombótico.

- **Conclusións (e aplicabilidade para a medicina de familia):** A pesar da idade, o paciente foi trombectomizado, dada a excelente vida basal, o cal tamén obrigaría ao **mantemento do ACOD**, resaltando que a idade non é un factor limitante nestes tratamentos. Pola contra, os **sangrados repetidos e a lacra na calidade de vida** plantéxannos se os anticoagulantes realmente estarían proporcionando beneficios. O ictus, evento a evitar, manifesta a encrucillada da decisión terapéutica, **enfrentando os riscos trombóticos fronte aos de resangrado e deterioro da calidade de vida**. A información ao paciente é crucial para tomar decisións, explicando tratamentos, terapias e posibles riscos no caso de suspendelas. Cremos na utilidade deste caso á hora de abordar situacións similares en Atención Primaria.

